

# Música barroca en España

Lucía Alcalde Lorenzo

# Música barroca en España

A estética barroca europea inflúe en España, asimilándose progresivamente como unha evolución natural das técnicas do Renacemento.

Tomás Luis de Victoria utiliza xa varios coros para cantar as súas obras (antecedente do policoralismo no país).

Un estudo dos arquivos catedralicios amosa que o novo estilo forma parte da maneira de facer música nas capelas españolas dende inicios do s.XVII. Fontes:

**a)** Testemuños de instrumentos que fan o baixo continuo.

**b)** Aparición de liñas melódicas apoiadas na tonalidade, como se ve na “Misa Scala Aretina” (1715) de Valls.

Foi mestre na Catedral de Barcelona e un dos poucos innovadores. A Misa é a 5 voces sobre a escala de UT de Guido d’Arezzo. Provocou unha grande polémica xa que tiña unha disonancia de 9ª.



# Música vocal sacra e profana



# Música vocal relixiosa

A música instrumental introdúcese progresivamente nas composicións eclesiásticas, engadíndoselles partes instrumentais.

**Canción ou tono:** nace en castelán (non latín). Son tonos “a lo divino”. Predomina o compás ternario (con sínkopas e hemiolias). Non se presenta virtuosismo vocal e as pezas son case silábicas cun ritmo de danza frecuente. A estrutura é: retrouso alternado con coplas ou 21 estrofas.

**Vilancico barroco:** os renacentistas eran profanos de contido amoroso (xeralmente), pero os barrocos non se chamaban así porque foran para o Nadal senón para cantar na Igrexa en datas sinaladas (Corpus Christi, Ascensión ou Nadal). Tamén destacaban os vilancicos adicados aos patronos de certos centros musicais (Catedral de Santiago, ao Apóstolo). Adicábanse a toda a capela musical da Catedral ou centros que tiveran os recursos suficientes. Eran interpretados en concreto por coro, solistas e orquestra. A estrutura eran retrouso e coplas.

Había personaxes que eran pastores pero tratados como personaxes populares que falaban na súa lingua (galego, vasco, catalán...). Aparecen tódolos trazos de tons humanos: ritmo ternario, hemiolias, partes do coro con textura homofónica.


Juan Bautista Comes: “Atended, oíd, escuchad”. Non é moi longo e a introdución e practucamente dialogada.

<https://www.youtube.com/watch?v=FI4osw2n5x4&feature=youtu.be>

# Música vocal profana

O xénero profano favorito do s.XVII son as cancións, encontradas de forma abundante nos cancioneros (o de Medinaceli recolle moitas cancións madrileñas, a maioría monódicas con acompañamento instrumental e ritmo ternario).

<https://www.youtube.com/watch?v=cqzMgvhCfus>



En España as cancións profanas eran tonos humanos e hai distintos xéneros creados xunto coas obras teatrais, como as xácaras. Nelas había diálogos, con personaxes picarescos. Tamén se crearon pezas en romance, poéticas con textos non tan escabrosos. As máis coñecidas teñen textos de Quevedo como: “No hay que decirle el primor”, cuxa música é anónima. <https://www.youtube.com/watch?v=rpsJJDBekGI&feature=youtu.be>

# Teatro musical: ópera e zarzuela




# Ópera

Os antecedentes eran os fragmentos musicais e de danza que se utilizaban no Teatro. Os autores deste cultivaron pronto o xénero. As 1ª óperas perderon a música, non se sabe o significado.

No s.XVIII imponse o modelo de ópera italiana (coas súas características) xa que non prosperara o español, chegan músicos italianos. No mesmo tempo chega Farinelli á corte de Felipe V durante 25 anos. Foi contratado pola raíña para animar ó rei, para quen cantaba tódalas noites. Cando reina Felipe VI Farinelli convénceo de facer a ópera italiana con máis forza en España.

[https://www.youtube.com/watch?v=\\_isL0E-4TsQ&list=PLOF76tB95ys8BOAdypxydk-a8\\_Dmm1YCT](https://www.youtube.com/watch?v=_isL0E-4TsQ&list=PLOF76tB95ys8BOAdypxydk-a8_Dmm1YCT)



# Zarzuela

Ao mesmo tempo a zarzuela alcanza máis éxito de público pola alternancia de partes cantadas e faladas. Esta en castelán e introduce personaxes populares e tramas amorosas, afastándose da ópera porque esta utiliza coros, dúos, esceas de conxunto ou danzas.

O seu nome deriva do palacete real de Madrid que estaba nunha zona de silvas (zarzas) nos bosques do Pardo. Alí, Felipe IV inaugurou o costume de representar comedias con música para distraer á corte. Normalmente os temas que trataban eran mitolóxicos ou fantásticos e había polifonía co novo estilo monódico.





- No Barroco, o Teatro tivo un gran apoxeo en España. Nas representacións introducíase a música no intermedio e final de cada obra normalmente. As interpretacións eran vocais e instrumentais de carácter breve e non tiñan sempre relación co argumento. A principios do s.XVII en Madrid había activas 12 compañías que representaban obras dos dramaturgos da época. As actrices e os actores tamén cantaban, bailaban ou tocaban instrumentos.

Os compositores máis destacados son Sebastián Durón (1660-1716) e José de Nebra (1702-1768).

<https://www.youtube.com/watch?v=lwxz3waLmwc>

[https://www.youtube.com/watch?v=Kbylv1dpt\\_0](https://www.youtube.com/watch?v=Kbylv1dpt_0)



# Tonadilla Escénica

É un xénero importante na música escénica. Non era cortesá como son as óperas e zarzuelas senón máis popular. Foi orixinada a raíz das xácaras. A súa temática era picaresca e tiña unha linguaxe vulgar, e ós intérpretes coñecíaseles como tonadilleros/as. Ao principio eran cancións con coplas e retrousos.

Chegaron a nós nomes como Catalina Pacheco ou María la Granadina e encóntranse máis de 2000 tonadillas.

Unha variante das tonadillas son as tonadillas escénicas que se interpretaban nos intermedios das comedias. Alternábanse textos cantados, recitados e pezas instrumentais de baile. Desenvólvense fundamentalmente no s.XVIII e non adoitaban superar os 20 minutos. A casa real era grande afeccionada a elas.

A primeira tonadilla foi “Una mesonera y un arriero”. Era de carácter popular e trata os amores entre unha mesoneira e un xitano vagabundo.

<https://www.youtube.com/watch?v=kYzGrBvn87Y> (0:40)